

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN
CURRICULAR.
CURSO 2021/2022**

CENTRO:CEIP VIRXE DO ROCÍO
DATA: 20 ABRIL DE 2022

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 2. Criterios de promoción.**
- 3. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas.**
- 4. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022.**
- 5. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

ADAPTACIÓN DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Aplicaranse as medidas máis adecuadas para que as condicións de realización dos procesos de avaliación se adapten ás circunstancias do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

1.1. Criterios para establecer medidas de reforzo educativo

REFORZO EDUCATIVO e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria

1. O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.

2. As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.

3. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área. En determinados casos, o reforzo educativo do

profesorado que imparta a área pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

4. Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro.

No **ANEXO I** figura un modelo dese informe.

O profesorado adaptará os tempos, os instrumentos e os procedementos de avaliación da área, da materia, do ámbito ou do módulo que imparta ás circunstancias do seu alumnado. Esta adaptación terá unha consideración especial no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Na adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación poderanse considerar a forma de comunicación que o alumnado necesite, a secuenciación das tarefas, a verificación da comprensión das tarefas, a dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos e a concesión do tempo necesario.

PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Este plan será elaborado polo equipo docente que tomou a decisión na sesión de avaliación, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

	<p>b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.</p> <p>c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.</p> <p>d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.</p> <p>e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan</p> <p>f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.</p> <p>g) Acreditación da información á familia.</p> <p>3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.</p>
<p>1.2. Criterios avaliación alumnado con AC</p>	<p>O desenvolvemento das adaptacións curriculares realizarase, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular.</p> <p>A avaliación do alumnado nas áreas ou materias adaptadas realizaraa o profesorado que as imparte, coas achegas do profesorado de apoio, de ser o caso, e conforme os criterios de avaliación establecidos na adaptación curricular.</p> <p>Especificarase que a cualificación positiva nas áreas adaptadas fai referencia á superación dos criterios de avaliación recollidos na súa adaptación e non aos específicos do curso académico no que estea escolarizado.</p> <p>As cualificacións expresaranse nos mesmos termos cos establecidos na normativa xeral.</p> <p>Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.</p> <p>Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.</p>

2. Criterios de promoción

2.1. Criterios de promoción (2º, 4º e 6º)

A promoción no resto de cursos da etapa será automática

Promoción:

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento.

Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.

Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011.

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado

pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

Os criterios de promoción de 2º, 4º e 6º de ed. Primaria serán reflectidos nas programacións de ciclo tendo como referente o establecido na presente Concreción Curricular.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN 2º EP

AO REMATAR..	SITUACIÓN	DECISIÓN	MEDIDAS
<ul style="list-style-type: none"> - Se pasa con materias suspensas hai que elaborar un plan específico de reforzo. - Se supera a materia suspensa no curso seguinte, considérase recuperada a anterior. 			
2º	Todo aprobado	Promociona	
2º	Ten materias suspensas pero xa repetiu algún curso	Promociona	Elaborar unha AC, se procede, ou un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
2º	Suspende calquera lingua ou matemáticas	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
2º	Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
2º	Suspende calquera lingua + matemáticas e aínda non repetiu ningún curso	Non promociona. Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia.(con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo
2º	Suspende 3 materias	Non promociona	Elaborar un plan específico de reforzo

CRITERIOS DE PROMOCIÓN 4º EP

AO REMATAR	SITUACIÓN	DECISIÓN	MEDIDAS
4º	Todo aprobado	Promociona	
4º	Ten materias suspensas pero xa repetiu algún curso	Promociona	Elaborar unha AC, se procede, ou un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
4º	Suspende calquera lingua ou matemáticas	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
4º	Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
4º	Suspende calquera lingua + matemáticas e non repetiu	Non promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia	Elaborar un plan específico de reforzo.

		do seu grupo de referencia. (con informe)	
4º	Suspende 3 materias e non repetiu en ningún curso	Non Promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo.

CRITERIOS PROMOCIÓN 6º

AO REMATAR	SITUACIÓN	DECISIÓN	MEDIDAS
6º	Todo aprobado	Promociona	
6º	Ten materias suspensas pero xa repetiu	Promociona	Informar ao Departamento de Orientación do IES.
6º	Suspende calquera lingua ou matemáticas	Promociona	Informar ao Departamento de Orientación do IES.
6º	Suspende calquera lingua ou Matemáticas e outra materia	Non promociona	Elaborar un plan específico de reforzo
6º	Suspende calquera lingua + matemáticas e non repetiu	Non promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo.
6º	Suspende 3 materias	Non promociona. Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Se promociona, informar ao Departamento de Orientación do IES.
6º	Suspende 3 materias, avaliación final individualizada, negativa e non repetiu	Non promociona	Elaborar un plan específico de reforzo.

2.2. Criterios para a toma de decisións.

- Toma de decisións sobre a promoción en sesión de avaliación, de xeito colexiado.
- Tendo en conta criterios de promoción establecidos.
- Consideración da información e o criterio do profesorado titor.

O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso.

A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é

	<p>a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. <u>Nese caso, o equipo docente que toma a decisión da non promoción organizará un PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO</u> para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes.</p> <p>Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, <u>oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a titoría legal</u>, e terá, en todo caso, carácter excepcional.</p>
<p>2.3.Promoción automática</p>	<p>1º, 3º e 5º cursos.</p>
<p>3. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas</p>	
<p>3.1.Criterios xerais</p>	<p>Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente.(Artigo 5.4 da <i>Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.</i>)</p> <p>Os criterios de dita excelencia merecedora do outorgamento recoñeceranse polo Claustro de profesorado no caso de:</p> <p>Obter unha media de sobresaliente ao rematar educación primaria na media total de tódalas áreas cun rendemento excelente nos niveis anteriores da etapa.</p> <p>Ou, de selo caso, obter sobresaliente ao rematar educación primaria cun progreso excepcional no último ciclo tras superar circunstancias persoais que dificultaban a súa aprendizaxe en cursos anteriores, amosando unha capacidade de superación persoal extraordinaria.</p>

4. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

4.1. Especificar o procedemento para o establecemento de medidas de reforzo educativo cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o axeitado ao longo do curso.

A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

O profesorado de área comunicará ao profesorado tutor as dificultades detectadas para a organización dos reforzos curriculares necesarios e elevarán ditas necesidades á Xefatura de Estudos así como ao Departamento de Orientación.

4.2. Especificar os criterios de promoción en 2º, 4º e 6º cursos.

Os criterios de promoción de 2º, 4º e 6º de ed. Primaria serán os que se reflicten nas programacións de ciclo.

AO REMATAR..	SITUACIÓN	DECISIÓN	MEDIDAS
- Se pasa con materias suspensas hai que elaborar un plan específico de reforzo. - Se supera a materia suspensa no curso seguinte, considérase recuperada a anterior.			
2º	Todo aprobado	Promociona	
2º	Ten materias suspensas pero xa repetiu algún curso	Promociona	Elaborar unha AC, se procede, ou un plan recuperación. Recibirá os apoios necesarios recuperar as aprendizaxes que non alcanza curso anterior.
2º	Suspende calquera lingua ou matemáticas	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
2º	Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
2º	Suspende calquera lingua + matemáticas e aínda non repetiu ningún curso	Non promociona. Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia do seu grupo de referencia.(con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo
2º	Suspende 3 materias	Non promociona	Elaborar un plan específico de reforzo

AO REMATAR	SITUACIÓN	DECISIÓN	MEDIDAS
4º	Todo aprobado	Promociona	
4º	Ten materias suspensas pero xa repetiu algún curso	Promociona	Elaborar unha AC, se procede, ou un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
4º	Suspende calquera lingua ou matemáticas	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
4º	Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
4º	Suspende calquera lingua + matemáticas e non repetiu	Non promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo.
4º	Suspende 3 materias e non repetiu en ningún curso	Non Promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo.

AO REMATAR	SITUACIÓN	DECISIÓN	MEDIDAS
6º	Todo aprobado	Promociona	
6º	Ten materias suspensas pero xa repetiu	Promociona	Informar ao Departamento de Orientación IES.
6º	Suspende calquera lingua ou matemáticas	Promociona	Informar ao Departamento de Orientación IES.
6º	Suspende calquera lingua ou Matemáticas e outra materia	Non promociona	Elaborar un plan específico de reforzo
6º	Suspende calquera lingua + matemáticas e non repetiu	Non promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo.
6º	Suspende 3 materias	Non promociona. Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Se promociona, informar ao Departamento de Orientación do IES.
6º	Suspende 3 materias, avaliación final individualizada, negativa e non repetiu	Non promociona	Elaborar un plan específico de reforzo.

4.3. Criterios para a elaboración do informe ao finalizar os cursos 2º e 4º sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Para elaborar dito informe teranse en conta os criterios seguintes:
Reflectiranse no informe as capacidades do alumno/a para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
Recolleranse no informe as especificacións que definan os resultados de aprendizaxe concretando o que o alumnado sabe, comprende e sabe facer con indicadores en cada disciplina.
Deben ser capacidades observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado.

4.4. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o modelo remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)

O MODELO REMITIDO POLA I.E.

5. Aprobación e publicidade

5.1. Aprobación	Indicar o procedemento que o centro adoptou para a aprobación da modificación da concreción curricular no curso 2021/2022. Claustro de profesorado
5.2. Publicidade	Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas. • Data publicidade na páxina web do centro. 27 de abril de 2022 • Datas información ás familias/alumnado por parte dos titores/as a través de Abalar móbil. 27 de abril de 2022

ANEXO I

INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE)

CURSO: 20 - 20

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

APELIDOS e NOME:

.....

DATA DE NACEMENTO: CURSO:

ETAPA: Infantil: NIVEL: Primaria: CICLO: 1º: 2º:
3º: NIVEL:

(Por cada ÁREA OU MATERIA EN QUE A ALUMNA OU O ALUMNO RECIBIU RE.)

1. ÁREA OU MATERIA:

2. DATOS DO PROFESORADO DA ÁREA: APELIDOS e NOME:

.....
.....

3. DATOS DO REFORZO EDUCATIVO:

DATA DE COMEZO DO RE: DATA DE REMATE DO RE:
..... DESCRICIÓN DAS MEDIDAS DESENVOLVIDAS:

a) Cal foi o motivo?

.....
.....

b) En que consistían? (breve descrición)

.....
.....
.....

c) Con que frecuencia se presentaban? (temporización)

.....
.....

d) Cando as realizaba a alumna ou o alumno?

.....

e) Quen lle axudaba?: (profesorado con dispoñibilidade horaria)

.....

f) Como se avaliaban? (corrixían):

.....
.....
.....
.....

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE:

- Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
- Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE (indíquese se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, pode verse beneficiada/o ou non por unhas medidas regulares de reforzo educativo na área).....

.....
.....

..... de de 20

O/a profesor/a titor/a,

Asdo.:

O/a profesor/a que realizou o reforzo

Asdo.:

CURSO 2021/2022**CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

AO REMATAR..	SITUACIÓN	DECISIÓN	MEDIDAS
<ul style="list-style-type: none"> - Se pasa con materias suspensas hai que elaborar un plan específico de reforzo. - Se supera a materia suspensa no curso seguinte , considérase recuperada a anterior. 			
2º	Todo aprobado	Promociona	
2º	Ten materias suspensas pero xa repetiu algún curso	Promociona	Elaborar unha AC, se procede, ou un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
2º	Suspende calquera lingua ou matemáticas	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
2º	Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
2º	Suspende calquera lingua + matemáticas e aínda non repetiu ningún curso	Non promociona. Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madurez e a importancia do seu grupo de referencia.(con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo
2º	Suspende 3 materias	Non promociona	Elaborar un plan específico de reforzo
4º	Todo aprobado	Promociona	
4º	Ten materias suspensas pero xa repetiu algún curso	Promociona	Elaborar unha AC, se procede, ou un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
4º	Suspende calquera lingua ou matemáticas	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
4º	Suspende calquera lingua ou matemáticas + outra materia	Promociona	Elaborar un plan de recuperación. Recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

4º	Suspende calquera lingua + matemáticas e non repetiu	Non promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo.
4º	Suspende 3 materias e non repetiu en ningún curso	Non Promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo.
6º	Todo aprobado	Promociona	
6º	Ten materias suspensas pero xa repetiu	Promociona	Informar ao Departamento de Orientación do IES.
6º	Suspende calquera lingua ou matemáticas	Promociona	Informar ao Departamento de Orientación do IES.
6º	Suspende calquera lingua ou Matemáticas e outra materia	Non promociona	Elaborar un plan específico de reforzo
6º	Suspende calquera lingua + matemáticas e non repetiu	Non promociona Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Elaborar un plan específico de reforzo.
6º	Suspende 3 materias	Non promociona. Agás que o equipo docente considere o contrario tras valorar o esforzo, a madureza e a importancia do seu grupo de referencia. (con informe)	Se promociona, informar ao Departamento de Orientación do IES.
6º	Suspende 3 materias, avaliación final individualizada, negativa e non repetiu	Non promociona	Elaborar un plan específico de reforzo.